



## **CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA (teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira)**

A Universidade da Coruña (UDC), por medio do Plan de normalización lingüística aprobado no Consello de Goberno do 16/12/2006, fixou como obxectivo específico no tocante ao seu estudiantado promover o emprego da lingua galega nos traballos de investigación, como parte da súa meta xeral de propiciar que o galego sexa o idioma habitual de comunicación e de traballo da comunidade universitaria.

Así, co propósito de atinxir os devanditos fins publícase esta convocatoria de axudas, tanto económicas como de asesoramento, para a redacción e a defensa en lingua galega de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira.

O Servizo de Normalización Lingüística realiza esta convocatoria ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para actuacións en materia de normalización lingüística.

O importe global do conxunto das axudas para esta convocatoria será de dezaioito mil euros (18 000 euros), que se repartirá, por orde de solicitude e ata que se esgote, entre as persoas solicitantes respectando a cantidade máxima estipulada anteriormente. Esta convocatoria financiarase con cargo á partida orzamentaria 0100.44.0093.422D.480.09 (Conv. 2017 Xunta, C.Educación. Actuacións en Materia de Normalización Lingüística. Servizo de Normalización Lingüística).

### **BASES**

#### **1. PERSOAS DESTINATARIAS**

Poden acceder a estas axudas os/as estudantes da UDC que redacten e defendan en galego a súa tese de doutoramento, o seu traballo de fin de mestrado, o seu traballo de fin de grao ou o seu proxecto de fin de carreira.

Fica excluído desta convocatoria o estudiantado da titulación de Filoloxía Galega e daqueles estudos de cuxa natureza e/ou de cuxo contido se derive a utilización da lingua galega nos mencionados tipos de traballo de investigación..

#### **2. NÚMERO E CONTÍA DAS AXUDAS ECONÓMICAS**

Cada persoa beneficiaria só poderá recibir unha única axuda económica durante o período de vixencia desta convocatoria. Segundo o traballo que se presente, a contía das axudas será a que se establece a continuación:

- a) Catrocentos (400) euros para as teses de doutoramento
- b) Setenta e cinco (75) euros para os traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira

#### **3. ASESORAMENTO PARA A REDACCIÓN DOS TRABALLOS**

Para todas as persoas interesadas en redactaren e defenderen a súa tese de doutoramento, o seu traballo de fin de mestrado, o seu traballo de fin de grao ou o seu proxecto de fin de carreira en lingua galega, a UDC, a través do Servizo de Normalización



Lingüística, ofrece unha axuda de asesoramento lingüístico que se concretará nas seguintes actividades:

- a) Resolver as dúbidas lingüísticas e terminolóxicas.
- b) Realizar unha revisión parcial ou total dos traballos, segundo a dispoñibilidade do Servizo de Normalización Lingüística.

#### **4. SOLICITUDES, CONCESIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS**

Esta convocatoria abrangue as solicitudes do 18 de outubro de 2016 ata o 3 de novembro de 2017 ou, de ser o caso, ata que se esgote o crédito dispoñible para esta actividade. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente nun prazo máximo de dous meses, que conta desde a data de defensa, agás para aqueles que se defendesen a partir do 18 de outubro de 2016, cuxo prazo conta desde a publicación desta convocatoria. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil.

As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral da UDC e presentaranse, sempre con posterioridade á defensa do traballo, segundo o modelo que acompaña esta convocatoria, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Reitoría, rúa da Maestranza, 9, 15001 A Coruña), nos rexistros auxiliares (campus da Zapateira/campus de Esteiro) ou polos demais medios habilitados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Ás solicitudes xuntaráselles, obrigatoriamente, a documentación que figura no modelo de solicitude, incluída unha copia do traballo en versión electrónica. De acordo co artigo 68 da LPACAP, se a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou non figuran os documentos preceptivos, requirirase a persoa interesada para que emende a súa falta ou acompañe os documentos no prazo de dez días.

O período de presentación remata o 3 de novembro de 2017, mais poderá ser ampliado no caso de existir remanente de crédito. De se esgotar o crédito destinado para esta finalidade antes de rematar o prazo de presentación non se admitirán máis solicitudes. Non se admitirá ningunha solicitude que supere os prazos que se establecen.

A concesión da axuda farase unha vez comprobado que a persoa solicitante reúne os requisitos que se esixen. Se con posterioridade se comprobar a inexactitude ou a falsidade da documentación e dos datos declarados, producirase a revogación inmediata da axuda, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidese incurrir.

O pagamento realizarase por medio dunha transferencia bancaria á conta que as persoas beneficiarias indiquen no anexo I (solicitude de pagamento por transferencia e modificación de datos bancarios e/ou persoais).

A Coruña, 26 de maio de 2017

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano